



CPR. "JORGE JUAN" - XUVIA ( NARÓN)

R/ Marcial Calvo, 1  
15570 Xuvia - Narón (A CORUÑA)  
Tlf./fax: 981 38 30 20  
E-mail: cpr.jorgejuan@edu.xunta.es

## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 30 de setembro), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 pais/nais**, dun total de 4 que debe ter o Consello Escolar. Os outros 2 representantes de pais/nais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2021.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As **reclamacións ao referido Censo** realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as **10:00 horas do día 17 de novembro**.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. **As candidaturas poderán ser presentadas dende o día 11 de novembro ata as 10:00 horas do 18 de novembro**.

4.- **O sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o **día 18 de novembro, ás 13:00 horas na Biblioteca**. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- A **campaña electoral** comprenderá dende o **18 ao 28 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Centro. O día **28 de novembro**, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 5 electores/as.

7.- As **votacións** realizaranse neste Centro o **día 29 de novembro de 16:00 a 18:00 h**.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar como máximo **1 nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Narón a 4 de novembro de 2022

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: M<sup>a</sup> Jose Cazorla Peña

